

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947-Vigo, 2016) é un dos escritores máis coñecidos e valorados no ámbito da literatura infantil e xuvenil, en Galicia e no resto de España. É autor de máis de cincuenta títulos, a maioría dirixidos preferentemente a lectores infantís ou xuvenís. Os seus libros, escritos en galego, tradúcense habitualmente ás outras linguas españolas: castelán, catalán e eúscaro. Tamén se traduciron diversos títulos ao coreano, portugués, búlgaro, chinés, inglés, francés, árabe e italiano.

Ademais de Perito Industrial Mecánico, Agustín Fernández Paz foi mestre e licenciado en Ciencias da Educación.

Traballou como docente durante máis de trinta anos, no ensino primario e na secundaria. Paralelamente á súa dedicación á docencia, desenvolveu tamén unha ampla actividade teórica e divulgativa, centrada en temas como a introdución dos medios de comunicación na aula, a promoción da lectura, o fomento da lingua galega nun contexto bilingüe ou a didáctica da lingua.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS

Tamén xogou un papel relevante na elaboración de materiais didácticos de lingua e literatura (un dos seus traballos, *Canles 5*, obtivo o Premio Nacional “Emilia Pardo Bazán” para libros de texto non sexistas).

Os libros de Agustín Fernández Paz obtiveron numerosos premios, tanto de ámbito galego como español. Foi recoñecido dúas veces como o mellor autor do ano (en 2004, pola Federación de Libreiros de Galicia; en 2007, pola Asociación Galega de Editores). Tamén obtivo en tres ocasións o premio ao mellor libro infantil do ano, que concede a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

No ámbito internacional destacan os seus catro nomeamentos ao Astrid Lindgren Memorial Award (en 2008, 2009, 2010 e 2013). *O único que queda é o amor* foi incluído na IBBY Honour List en 2010, como ocorreu tamén con *Contos por palabras* en 1992 e con *Aire negro* en 2002.



Contos por palabras foi considerado como un dos once títulos esenciais da LIJ española do século XX por un panel de expertos durante o primeiro Congreso de Lingua e Literatura para nenos e novos, celebrado en Santiago de Chile en 2010.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS

No ano 2011, outorgóuselle en Guadalaxara (México) o VII Premio Iberoamericano SM da Literatura Infantil e Xuvenil, en recoñecemento á súa traxectoria literaria. E OEPLI acordou designalo como candidato español ao Premio Andersen 2012.



En xaneiro de 2013, foi investido como Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo.


Escritor de Literatura Infantil e Xuvenil???

Agustín Fernández Paz é autor dunha obra atractiva de máis de 30 títulos. El nunca entendeu de clasificacións á hora de escribir porque dicía :

“intento que a miña novela funcione como un iceberg, do cal o texto é só a parte visible. Sempre son historias dirixidas a todas as idades, porque teño moi claro que un libro, aínda que se dirixa en primeiro lugar a un lector infantil ou xuvenil, debe de interesarlle tamén a un lector adulto. Non conseguir isto é un signo de fracaso, dígoo como lector e como escritor.”

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS

Os libros de Agustín Fernández Paz convidan á lectura porque contan historias que «enganchan desde o principio». Son historias cheas de suxestións, dispares, como un deses tapices de moitas cores, cada libro de Agustín contén unha sorpresa. Como el ben di, «*Só hai que abrir un libro que conteña un texto poderoso e ler en voz alta. Non se precisa nada máis, todo é tan sinxelo como beber auga*» e engade, nun fermoso texto que apela á importancia da lectura.




“Este diálogo infinito que propicia a lectura é unha vía esencial para irnos formando como persoas. A lectura axúdanos a entender o mundo e a entendernos a nós mesmos. A enraizarnos no país no que vivimos e a abriarnos ao variado mosaico das culturas. Axúdanos a ser persoas máis tolerantes e solidarias. E tamén máis críticas, máis auténticas, máis libres.”

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS

ACÓRDOME

Imos saber algo máis de Fernández Paz a través das súas lembranzas...

Acórdome de...



Acórdome de As Fontiñas, o barrio de Vilalba onde nacín, na primavera de 1947, e onde transcorreu toda a miña infancia.

Acórdome do meu pai, que era músico e carpinteiro, e que un día, cando eu tiña oito anos, levoume a ver o mar de Foz.

Acórdome da miña nai, que todas as semanas amasaba o pan en casa e despois levábo a cocer ao forno de Rosa.

Acórdome do meu avó, que tiña unha pequena plantación de tabaco na horta da nosa casa. Na tardes de inverno, el mesmo picaba, cunha navalla e con paciencia infinita, aquelas grandes follas secas.

Acórdome dos cómics que os meus irmáns e eu liamos unha e outra vez, nunha época en que a palabra televisión aínda nos era totalmente descoñecida.

Acórdome dos seriais que escoitabamos na radio, sobre todo dos que eran os meus preferidos: Superman e Unha princesa de Marte.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS

Acórdome da fogueira que facíamos no meu barrio na noite de San Xoan, e de como desde o balcón da miña casa víanse outras fogueiras distantes.

Acórdome do andel onde o meu pai gardaba os seus libros, entre os que había títulos inesquecibles como *A illa misteriosa*, *O escaravello de ouro* ou *Os tígres da Malasía*.

Acórdome do cheiro a mazá madura que había nos armarios e nos chineros da miña casa, por obra e graza das mazás que a miña nai colocaba no seu interior.

Acórdome das festas de San Ramón, cando a casa cheiraba a rosquillas e aos nenos dábannos diñeiro para montar nas atraccións e comprar nubes de azucre.

Acórdome da señora Xenerosa, que polas noites nos contaba contos de crimes e de aparecidos. Despois, subir as escaleiras para irse a deitar era un traxecto duro e difícil.

Acórdome do señor Crende, un encuadernador que lle prestaba libros ao meu pai e que a mín me regalaba onzas de chocolate negro.

Acórdome dos meus sete anos de internado na Universidade Laboral de Xixón e das tardes de inverno que pasabamos estudando nas nosas habitacións, mentres fóra chovía e chovía.

Acórdome do 21 de xullo de 1969, cando Neil Armstrong puxo os seus pés sobre a superficie da Lúa e o meu pai quedou esperto toda a noite para ver aquel momento histórico na televisión.

Acórdome dunha tarde de sábado de 1970, cando, no cinema Alexis de Barcelona, víñ Jules et Jim de François Truffaut, unha película que deixou en mín pegadas indelebles.

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS

Acórdome do primeiro de maio de 1977, cando a miña muller e eu participamos en Bilbao, coa ilusión recentemente estreada, na manifestación máis grande que nunca na miña vida víra.

Acórdome do ciclón "Hortensia", que atravesou Galicia no ano 1984 e, ademais de romper as persianas da nosa casa, derrubou un enorme tilo que había á beira da igrexa de Ares.

Acórdome...

Acórdome, claro que me acordo.

A literatura nace da memoria e da imaxinación.


"Todos os libros que escribín, como as tramas dunha tea, están feitos combinando os fíos da miña vida. Calquera persoa que os lera e coñeza a miña biografía atopará un paralelismo constante entre as dúas realidades. Unhas veces máis enmascarada que outras, a vida de calquera escritor discorre por baixo das súas obras."

TERTULIAS LITERARIAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS

“Que as historias saian da miña vida non é unha limitación. Ao revés, trátase do único orixinal que podo achegar ás persoas que viven comigo e ás que vivirán cando eu xa non estea, se é que alguén le entón os meus libros.

As persoas, todas, somos únicas e irrepetibles. Posuímos unha visión do mundo, uns sentimentos, unhas vivencias que nos singularizan e que desaparecerán connosco.

A min isto paréceme marabilloso, e creo que está na raíz dese impulso irracional que me leva a escribir e a inventar historias nas que quede reflectida a miña visión do mundo e da vida.”



Biblioteca e Centro de Documentación da Muller “Rosalía de Castro” de Sta. Cruz
Centro Cultural “As Torres”
Rúa Emilia Pardo Bazán, 17
Sta. Cruz - 15179 Liáns (Oleiros)
Tlf. 981626338
Blog : bibliotecasoleiros.blogspot.com
E mail : biblioteca.santacruz@oleiros.org